



UNIVERSITAT DE
BARCELONA

Maria Xesús Lama López
Estudis Gallecs i Portuguesos
lama@ub.edu

Departament de Llengües i Literatures Modernes i
d'Estudis Anglesos.
Facultat de Filologia

Gran Via
de les Corts Catalanes, 585
08007 Barcelona

Tel. 934 035 686
Fax. 933 171 249
fil-anglal@ub.edu

**MEMORIA DE ACTIVIDADES
ESTUDOS GALEGOS DA UNIVERSITAT DE BARCELONA
2024**

Directora:

María Xesús Lama López

1. Contexto do lectorado da Universidade

Partindo das características específicas dos Estudos Galegos na Universitat de Barcelona (UB), que expuxemos en memorias anteriores, lembraremos algunhas cuestións que cremos que compre ter en conta como marco para as actividades realizadas o ano 2024:

O noso centro da UB cambiou o seu nome oficial da antiga “Facultat de Filologia” á actual “**Facultat de Filologia i Comunicació**”, de maneira que adquire peso a introdución dos novos estudos de Comunicación e Industrias Culturais.

A unidade de Estudos Galegos actual é garante da docencia nun **itinerario de galego e portugués nos estudos de grao** da facultade que se ofrece dentro **dos graos “Llengües Romàniques i les seves Literatures” e de “Llengües i Literatures Modernes”**. Este ano estamos iniciando o período do novo convenio, comprendido entre de 2023-26 coa novidade de que se iniciou por primeira vez no mes de outubro (antes iniciábase con data 1 de setembro). Na Universitat de Barcelona incorporouse Rodrigo Herrera Alfaya como novo lector a primeiros de outubro de 2023, pero mesmo antes de cumprir un ano do seu contrato, no mes de xullo de 2024 tivo que presentar a renuncia por incompatibilidade con outra bolsa que logrou para cubrir a súa actividade investigadora como FPU asociado á Universidade de Vigo. O semestre de xaneiro a xullo, por tanto, foi moi intenso e foi nese período cando se executou case o total do orzamento anual, quedando a nosa capacidade de acción por este motivo moi mermada para a última parte do ano.

Integrados no **Departament de Llengües i Literatures Modernes i d’Estudis Anglesos**, formamos parte dunha sección departamental denominada **Secció d’Estudis Francesos, Italians, Gallecs i Portuguesos**. Ao mesmo tempo os docentes formamos parte de diversos projectos de investigación, masters e doctoramentos. As profesoras María Xesús Lama e Helena González integrámonos ademais dentro do Centro ADHUC de estudos de xénero a través do cal intentamos dar difusión ás actividades de Estudos Galegos e tamén facilitar estadias de investigación na nosa universidade a especialistas de Estudos Galegos (<http://www.ub.edu/adhuc/es>).

O grupo de Estudos Galegos e Portugueses da UB edita, a **revista *Abriu. Estudos de textualidade do Brasil, Galicia e Portugal***, dirixida por María Xesús Lama. Trátase publicación dixital recoñecida nos índices de calidade para difusión no ámbito académico: <http://revistes.ub.edu/index.php/Abriu>. Desta revista tamén se edita unha

cantidade moi limitada de exemplares en papel, dos cales se envían copias á SXPL segundo se esixe no convenio.

Neste ano **2024** producíronse dúas novidades importantes en relación coa revista: en primeiro lugar, a colaboración do lector, Rodrigo Herrera Alfaya foi moi eficaz e permitiu solucionar varios problemas técnicos relativos ao funcionamento do sistema de edición OJS, polo que a proposta da directora foi aceptado polo consello de redacción o recoñecemento do seu labor propoñéndolle a co-dirección, motivo polo cal no número correspondente a 2024 (Abril 13) xa aparece a **dobro dirección de M.X. Lama e R. Herrera Alfaya**.

A outra cuestión que mudou foi o paso a **edición únicamente dixital**. A falta de fondos suficientes para pagar a Publicacions UB todo o proceso de maquetación, moveunos a tomar a decisión de deixar de imprimir a versión en papel, motivo polo cal non se envían xa os exemplares correspondentes a esa oficina.

O lector, Rodrigo Herrera Alfaya, tivo inicialmente o cargo de secretario da revista e todos os traballos relacionados coa xestión de artigos e edición foron unha das súas responsabilidades fundamentais dentro do lectorado, así como a difusión da publicación.

Outras tarefas importantes realizadas polo lector no breve período da súa incorporación ao noso equipo foron as seguintes:

- Catalogación da bibliografía de galego da Universitat de Barcelona, indicando a súa ubicación, na aplicación LibraryThing con 266 entradas clasificadas en narrativa e poesía. <https://www.librarything.com/profile/FilGalPort>
- Elaboración de contidos e deseño da exposición dixital sobre Francisco Fernández del Riego para o repositorio de exposicións permanentes do CRAI-UB
- Preparación do taller de teatro sobre poemas de Rosalía de Castro que impartiu conxuntamente con Anxo Baranga para celebrar o aniversario da escritora.
- Edición da plaqueta bilingüe con texto de Luísa Villalta. Encóntrase de maneira permanente no Depósito Dixital da UB xunto cos outros números da colección “Letras galegas”: <https://diposit.ub.edu/dspace/handle/2445/178807>)
- Tradución ao catalán do catálogo da exposición “Alfons X i Galícia” do CCG, e visitas guiadas da exposición.
- Preparación dos materiais do “Taller de edición galego-catalán” para edición en libro, que se publicará próximamente.

- Xestións para as conferencias de M^a Xesús Botana, Cris Pavón, Armando Requeixo e Rosalía Morlán.
- Comisario da exposición “Luísa Villalta, escenarios de transición” na Biblioteca de Letras da UB, e guía das visitas guiadas.
- Dous ciclos de seminarios (5 sesións de hora e media cada un):
 - A) “Formas do caos: de Xohana Torres a Emma Ríos”.
 - B) “Fantasía e subversión. De Rafael Dieste a María Reimóndez”.

Este equipo mantén diferentes plataformas para visibilizar as súas actividades:

-Páxina web da Sección: <https://www.ub.edu/portal/web/dp-llmiec/fgpi>

-Facebook: <https://www.facebook.com/profile.php?id=100010712384690>

2. Actividades de promoción e divulgación da lingua e cultura galegas

Continuamos coa programación de actividades baixo o formato do seminario “Non só Rosalía de Castro”, aínda que xa de maneira autónoma na nosa universidade e sen a colaboración co lectorado da UAB que viñamos desenvolvendo nos últimos dez anos.

Lamentablemente perdeuse esa colaboración por imposibilidade de participar ou acudir a reunións do lector da UAB nos últimos tres anos.

Actividades de difusión cultural	Data
<ul style="list-style-type: none"> - 25/01/2024: Inauguración da exposición “Alfonso X e Galicia” (ver cartel adxunto) - Tradución do texto da exposición a catalán - Visitas guiadas á exposición por Rodrigo Alfaya - Co-organización de ciclo de actividades arredor da exposición. - 26/01/2024: Coordinación co centro de Estudos Galegos da UCM (Madrid) e coa Universidade do Algarve (Faro) para encontro de lectorados de galego da península. 	Xaneiro
<ul style="list-style-type: none"> - 08/02/2024 – Concerto de romances medievais na Capela - 13/02/2024 – presentación do libro <i>Alfons X i la música...</i> 	febreiro

<ul style="list-style-type: none"> - 19/02/2024. NSRdeC (1) – Conferencia de María Xesús Botana: “As imaxes do demo...”. - 21/02/2024 : – Concerto de Cantigas de Santa María na Aula Magna. - 26/02/2024. NSRdeC (2) – Aniversario de Rosalía de Castro: taller teatral de Anxo Baranga e Rodrigo Alfaya – textos de Rosalía de Castro. 	
<ul style="list-style-type: none"> - Exposición virtual Francisco Fernández del Riego – actívase como exposición permanente no espazo virtual. https://crai.ub.edu/coneix-el-crai/bibliotecas/biblioteca-letres/exposicio-virtual-Francisco-Fernandez-del-Riego 	marzo
<ul style="list-style-type: none"> - 17-20/04/2024 - Participación no Congreso da Asociación Internacional de Estudos Galegos en Braga (Universidade do Minho) - 23/04/2024 NSRdeC (4) - Encontro con escritores por Sant Jordi coa participación de Cris Pavón <ul style="list-style-type: none"> a) Conferencia na Universitat de Barcelona b) Sinatura de libros na librería La Repunantiña c) Visita á parada de libros do Centro Galego na Rambla. 	abril
<p style="text-align: center;">Letras Galegas 2023: Luisa Villalta</p> <ul style="list-style-type: none"> - 17 a 31/05/24 (UB) Exposición bibliográfica nas vitrinas da Biblioteca de Lletres: “Luísa Villalta, escenarios de transición” Exposición virtual permanente. https://blocdelletres.ub.edu/2024/05/17/exposicio-letras-galegas-2024-luisa-villalta-escenarios-de-transicion/ - 19/05/2024 NSRdeC (5) - Conferencia das Letras Galegas: Armando Requeixo e Rosalía Morlán, sobre a obra de Luísa Villata. - 29/05/2024 (6) – Conferencia de Jesús Velasco (Yale University) sobre literatura medieval en colaboración co IRCVM – 	Maio

<p>“Esperanzas sociales de la caballería. Cuestiones teóricas y metodológicas del archivo caballeresco”.</p> <ul style="list-style-type: none"> - 05/2023 (UB): publicación de plaqueta cunha tradución ao catalán dun relato de Luisa Villalta (enviados 10 exemplares á Secretaría Xeral da Lingua): Unha noite do fin de verán/ Una nit de finals d’estiu (editores: Rodrigo Herrera Alfaya e Helena González, tradutor: Max Pàrraga) 	
<ul style="list-style-type: none"> - 17-18/06/2024 Congreso do proxecto GenViPreF coa participación de membros do equipo de Estudos Galegos <p>A) María Xesús Lama</p> <p>B) Helena González</p>	xuño
<ul style="list-style-type: none"> - 06/09/2024 - Xornada de encontro dos lectorados da Península Ibérica en Madrid. (Organizada por Carmen Mejía, M. Xesús Botana e Chus Lama, coa secretaría de Clara García) - Asisten con María Xesús Lama e Rodrigo Herrera Alfaya, participando con intervención en diferentes mesas. 	setembro
<ul style="list-style-type: none"> - Preparación do número 13 da revista <i>Abriu</i> durante todo o ano - publicación en outubro de 2024, exclusivamente en versión dixital https://revistes.ub.edu/index.php/Abriu/issue/view/2859 - En preparación o número 14 da revista <i>Abriu</i> con monográfico a partir de ponencias no XIV Congreso da AIEG. 	

3. A revista *Abriu*.

Edición de *Abriu* 13– Este número inclúe varios artigos de temática galega tanto no monográfico, coordinado por Burghard Baltruch (Universidade de Vigo) como na “Miscelánea”. Tamén no apartado de recensións dáse conta de publicacións galegas.

Está en marcha tamén o proceso de edición de materiais para *Abriu* 14, cun monográfico prioritariamente de estudos galegos procedente das participacións no congreso da Asociación Internacional de Estudos Galegos celebrado en Braga en abril deste 2024. Coordinan María Alonso (Universidade de Santiago de Compostela) e María Xesús Lama (Universidade de Barcelona).

4. Actualización de fondos bibliográficos.

Continuarase facendo os pedimentos e compras de libros de Galicia para manter actualizados os fondos bibliográficos da biblioteca de Letras da UB. Como consecuencia da falta de espazo, parte deses fondos permanecen no espazo do centro de Estudos Galegos, polo cal o lector ten que desenvolver o labor de clasificación e xestión.

5. Difusión de actividades. Colaboración con outros centros ou entidades.

Colaboración con outros Centros de Estudos Galegos

En colaboración co Centro de Estudos Galegos do Algarve xestionouse unha actividade de intercambio de profesorado Erasmus+ que finalmente non se puido realizar por atrancos administrativos da Universitat de Barcelona. Sen embargo, a oficina de relacións internacionais confirmou o cumprimento de requisitos para realizar a estadia e está pendente a súa realización nos próximos cursos. Esta colaboración pretende explorar as posibilidades de establecer un convenio Erasmus para intercambio de profesorado.

En colaboración co Centro de Estudos Galegos da UCM – Universidad Complutense de Madrid, coorganizamos a Xornada de xuntanza dos Centros de Estudos Galegos peninsulares (xunto con Carmen Mejía e con M^a Jesús Botana).

En colaboración co Centro de Estudos Galegos de Zurich – Entrevista a Johanés Kabatek publicada no Boletín da AIEG

ADHUC – Centro de Investigación: Teoría, Xénero, Sexualidade.

Colaboración para a organización de conferencias, que se ofrecen ao persoal en formación de ADHUC e se difunden a través das canles de difusión habituais do Centro:

- María Xesús Botana
- Cris Pavón

Consello da Cultura Galega

Cunha longa preparación, esixida polos problemas de reserva dos espazos nobres do edificio central na Universitat de Barcelona, que require a reserva con máis de un ano de anticipación, este ano culminouse coa presentación en Barcelona da exposición “Alfonso X e Galicia”.

A nosa xestión incluíu os seguintes pasos e logros:

- 1) Negociación para a petición de reserva do hall central do Edificio Histórico da Universitat de Barcelona. Trátase dun espazo moi solicitado e polo uso do cal a universidade cobra unhas elevadas tarifas: 3.600 € por día (vid. <https://www.ub.edu/espais/ca/vestibul-principal-ledifici-historic>)
Logramos a cesión gratuíta do espazo para manter a exposición desde o 25 de xaneiro ao 22 de febreiro de 2024
(vid. <https://web.ub.edu/es/web/actualitat/w/exposici%C3%B3-%C2%ABalfonso-x-i-gal%C3%ADcia%C2%BB>)
- 2) Reunión para a programación da exposición e actividades paralelas entre a UB e representantes do CCG: pola Universitat de Barcelona o Dr. Agustí Alcoberro, vicerreitor de Memoria, Cultura e Patrimonio da UB; Dolores Pulido, representante da oficina de Activitats Institucionals i Protocol da UB; María Xesús Lama, representante de Estudos Galegos na UB; polo Consello da Cultura Galega, Marcelino Fernández, xerente, e Antoni Rossell, comisario da exposición.
- 3) Organizouse paralelamente a exposición de instrumentos medievais en colaboración co C
- 4) Organización do acto de inauguración o 25 de xaneiro de 2024 coa asistencia de autoridades: Joan Guardia, reitor da Universitat de Barcelona; Josep Solervicens, vicedecano de Investigación e Relacións Internacionais en representación do decanato da Facultat de Filologia i Comunicació; Rosario Álvarez, presidenta do Consello da Cultura Galega e Antoni Rossell, comisario da exposición.
- 5) Tradución ao catalán de todos os paneis da exposición realizada polo lector Rodrigo Herrera Alfaya e revisada por María Xesús Lama. Coa colaboración do Servei Lingüístic da Universitat de Barcelona para a supervisión da versión final.
- 6) Imprimiuse a tradución ao catalán de cada panel e plastificouse para engadir como anexo en cada panel da exposición.

- 7) Programación das actividades que incluíron na UB unha conferencia, dous concertos e unha mesa redonda (ver tríptico que se axunta) en espazos nobres como a capela e aula magna.
- 8) Deseño e edición do tríptico de actividades.
- 9) Colaboración coas asociacións galegas en Barcelona: participación do grupo de gaitas da Asociación Cultural Galega de Cornellà, convite de inauguración do Centro Galego de Barcelona e organización do encontro da presidenta do CCG coa Asociación de Empresarios Galegos en Cataluña.

Deputación de Lugo – Centro de Artesanía e Deseño

Coordinouse a exposición de “Afonso X e Galicia” no vestíbulo principal do Edificio Histórico coa exposición de instrumentos antigos da Deputación de Lugo comisariada por Luciano Perez, director do Centro de Artesanía e Deseño, baixo o título “A memoria dos sons”. Dada a especial problemática desta exposición, que requiría vixilancia permanente, negociouse coa Biblioteca de Letras do Edificio Histórico a súa instalación no vestíbulo principal desa biblioteca.

Ademais, con esta exposición ofrecéronse dúas visitas guiadas impartidas polo propio Luciano Pérez.

Asociación Internacional de Estudos Galegos.

Coa participación de María Xesús Lama López como vocal da directiva da AIEG, vense traballando na preparación do congreso celebrado en abril na Universidade do Minho.

Outras actividades dentro da asociación:

- Publicáronse dous números do Boletín da AIEG, no que participamos na sección de entrevistas
 - A) BAIEG 1 – Homenaxe a galeguistas históricos: Entrevista con Kathleen March.
 - B) BAIEG 2 – Homenaxe a galeguistas históricos: Entrevista con Jonh Rutherford
 - C) BAIEG 2 – Presentación de estudos galegos no exterior: Entrevista con Johanés Kabatek (Universidade de Zurich)
- Participación no xurado do I Premio de Investigación da AIEG

- Organización dunha mesa redonda en sesión plenaria: “A AIEG e os Estudos Galegos no exterior. Horizontes de futuro”.
- Participación con relatorio no panel “Rosalía entre Galicia e Portugal”.

IRCVM – Institut de Recerca en Cultures Medievais

Contribuímos facilitando a xestión para a intervención dun conferenciante que participou no **Seminario Permanente IRCVM Internacional**: o director do departamento de *Spanish and Portuguese Studies* da Yale University, **Jesús Rodríguez Velasco** veu a Barcelona a impartir un ciclo de conferencias grazas á colaboración entre os Estudos Galegos da Universitat de Barcelona, o *Institut d’Estudis Medievals* da UAB e a Universitat Pompeu Fabra.

Colaboración coas sociedades galegas

O profesorado da UB ponse a disposición dos centros e asociacións galegas para colaborar en actos de difusión cultural e habitualmente ofrece conferencias de divulgación con motivo da celebración das Letras galegas.

- Cursos CELGA no Centro Galego de Barcelona, impartidos polo lector da UB, Rodrigo Herra Alfaya.
- Colaboración cos Centros e Sociedades galegas de Cataluña con motivo da presentación da exposición “Afonso X e Galicia” na Universitat de Barcelona
 - A) Asociación de Empresarios Galegos de Cataluña – organizamos o encontro coa presidenta do Consello da Cultura Galega, Dra. Rosario Álvarez.
 - B) Asociación “Rosalía de Castro” de Cornellá: foron convidados para participar no acto de inauguración da exposición “Alfonso X e Galicia”, no que participou o grupo de gaitas da Asociación.
- Colaboracións para xurados e premios:
 - A) María Xesús Lama e Helena González colaboraron coa Asociación Cultural Galega en Cataluña (ACGB) para o xurado que decidiu a autora á que se dedicarían as Letras Vivas de 2025.
 - B) María Xesús Lama colaborou como xurado do premio de poesía da Asociación *Rosalía de Castro* de Cornellà.

-Co Centro Galego de Barcelona: iniciamos a colaboración coa xornada de poetas organizada por Alba Cuquejo en novembro de 2023. Este ano o Centro Galego colaborou coa organización da exposición do Consello da Cultura Galega e Deputación de Lugo convidando a unha cea de inauguración. Tamén mantemos o contacto para a colaboración nos actos do Día de Sant Jordi.

Seguindo a tradición dos últimos anos, respondeuse os requirimentos recibidos das sociedades galegas, na medida das nosas posibilidades.

María Xesús Lama López
Directora do CEG da Universitat de Barcelona